



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DE LUGO. SERVIZO DE EMPREGO, RELACIÓNS LABORAIS, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

##### Anuncio

#### CONVENIOS COLECTIVOS

Código 27000245011982

Visto o acordo polo que se aproban os días inhábiles para o ano 2025 do Convenio Colectivo para a Industria de Ebanistería e Afíns da Provincia de Lugo, asinado o día 11 de decembro de 2024 pola representación patronal e das centrais sindicais CC.OO., U.G.T. e C.I.G., como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios deste departamento territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 15 de xaneiro de 2025.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

#### ACTA DE ACORDO

#### CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA A INDUSTRIA DE EBANISTERÍA E AFÍNS DE LUGO

#### ASISTENTES

#### Pola Asociación Provincial de Empresarios de Ebanistería de Lugo

MARIO CARBALLO LAMA (DNI \*\*3167\*\*\*)

#### Polas Centrais Sindicais

#### UGT [41,67%]

CARLOS GARCÍA VAZQUEZ (DNI \*\*9221\*\*\*)

#### CC.OO. [33,33%]

JOSE MANUEL BREA MÉNDEZ (DNI \*\*8518\*\*\*)

#### CIG [16,67%]

ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ (DNI \*\*5781\*\*\*)

En Lugo, sendo as 11 horas do día 11 de decembro de 2024, reúnenos nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

#### ACORDOS:

**Primeiro.** De conformidade co previsto no artigo 7 do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo, para os supostos nos que na anualidade 2025 tivera lugar un exceso sobre a xornada anual de traballo de 1.752 horas, cada persoa traballadora desfrutará como días inhábiles ou non laborables e retribuídos de convenio, a maiores dos días 24 e 31 de decembro de 2024, os seguintes, nos termos indicados no texto do Convenio:

- 3 de marzo de 2025
- 2 de maio de 2025
- 28 de xullo de 2025
- 18 de agosto de 2025
- 26 de decembro de 2025

**Segundo.-** Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos con canta información e documentación resulte necesaria.

**Terceiro.-** Aos efectos do rexistro e depósito do presente acordo de fixación de días inhábiles para o exercicio 2025 do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo, autorízase a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias, titular do DNI núm. \*\*3211\*\*\*, e responsable de negociación colectiva da Confederación de Empresarios de Lugo, á presentación da solicitude de inscrición correspondente ante o Rexistro da autoridade laboral competente, facilitando todos os datos relativos ás partes asinantes, data de sinatura, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e actividades económicas cubertas e cantos outros sexan necesarios. Do mesmo xeito se lle autoriza a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias á presentación, xunto coa solicitude de inscrición, de canta documentación sexa necesaria para tal inscrición.

Acadándose os anteriores acordos por unanimidade, as organizacións, empresariais e sindicais, que integran a Comisión Negociadora acordan a sinatura da Acta na que se recollen os mesmos por un representante de cada organización integrante da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo.

E en proba de conformidade, asinan a presente Acta as persoas ao marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento.

Lugo, 11 de decembro de 2024.- Mario Carballo Lama, Carlos García Vázquez, José Manuel Brea Méndez, Alfonso Losada Rodríguez.

R. 0106

### *Anuncio*

#### CONVENIOS COLECTIVOS

Código 27000475011982

Visto o acordo polo que se aproban os días inhábiles para o ano 2025 do Convenio Colectivo Provincial para as Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, asinado o día 10 de decembro de 2024 pola representación patronal e das centrais sindicais CC.OO., U.G.T. e C.I.G., como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios deste departamento territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 15 de xaneiro de 2025.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

#### **ACTA DE ACORDO COMISIÓN PARITARIA**

#### **CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA AS INDUSTRIAS DE SIDEROMETALÚRXICA DE LUGO**

#### **ASISTENTES**

#### **Pola Parte Empresarial:**

VÍCTOR FERREIRO SEGADE. - DNI \*\*8422\*\*\*

JOSÉ FRANCISCO DORADO LÓPEZ. - DNI \*\*8079\*\*\*

JOSÉ EDUARDO FERNÁNDEZ VILA. - DNI \*\*6150\*\*\*

FERNANDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. - DNI \*\*5730\*\*\*

CONCEPCIÓN VILLAR VARELA. - DNI \*\*8489\*\*\*

IGNACIO PÉREZ DE OLIVEIRA. -DNI \*\*3232\*\*\*

**Polas Centrais Sindicais:****CC.OO.**

JOSÉ LUÍS LÓPEZ ÁLVAREZ. -DNI \*\*2568\*\*\*

JACOBO BERMÚDEZ GUERREIRO. - DNI \*\*9999\*\*\*

**UGT**

CARLOS GARCÍA VÁZQUEZ. - DNI \*\*9221\*\*\*

DIEGO JOSÉ CHAO RUBAL. - DNI \*\*9980\*\*\*

**CIG**

ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ. -DNI \*\*5781\*\*\*

En Lugo, sendo as 12.00 horas do día 10 de decembro de 2024, reúnenos nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

**ACORDOS:**

Primeiro.- De conformidade co previsto no artigo 28 B) do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, para os supostos nos que na anualidade 2025 tivera lugar un exceso sobre a xornada anual de traballo de 1.768 horas, cada persoa traballadora desfrutará como días inhábiles ou non laborables e retribuídos de convenio, a maiores dos días 24 e 31 de decembro de 2024, os seguintes, nos termos indicados no texto do Convenio:

- 3 de marzo de 2025
- 2 de maio de 2025
- 28 de xullo de 2025
- 18 de agosto de 2025
- 26 de decembro de 2025

Segundo.- Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos con tanta información e documentación resulte necesaria.

Terceiro.- Aos efectos do rexistro e depósito do presente acordo de fixación de días inhábiles para o exercicio 2025 do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, autorízase a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. \*\*3211\*\*\*, e responsable de negociación colectiva da Confederación de Empresarios de Lugo, á presentación da solicitude de inscrición correspondente ante o Rexistro da autoridade laboral competente, facilitando todos os datos relativos ás partes asinantes, data de firma, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e actividades económicas cubertas e cantos outros sexan necesarios. Do mesmo xeito se lle autoriza a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias á presentación, xunto coa solicitude de inscrición, de tanta documentación sexa necesaria para tal inscrición.

E en proba de conformidade, firmana presente Acta as persoas ao marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento.

Lugo, 10 de decembro de 2024.- Víctor Ferreiro Segade, José Francisco Dorado López, José Eduardo Fernández Vila, Fernando Fernández Fernández, Concepción Villar Varela, Ignacio Pérez de Oliveira, José Luís López Álvarez, Jacobo Bermúdez Guerreiro, Carlos García Vázquez, Diego José Chao Rubal, Alfonso Losada Rodríguez.

R. 0107

**CONCELLOS**

GUITIRIZ

*Anuncio*

**RESOLUCION MODIFICACIÓN SUSTANCIAL DAS CONDICIÓNIS DE TRABALLO EN RELACIÓN ÁS INSTRUCCIÓNIS HORARIAS. EXPTE.: 656/2024.**

**Resolución 2025-0019 de data 14/01/2025 na que se resolve o seguinte:**

**PRIMEIRO.-** Analizada a documentación, todas as propostas presentadas, DESESTIMAR a proposta presentada polos traballadores – traballadoras, en base a argumentación exposta pola Sr. Alcadesa na reunión da comisión negociadora 11/11/2024, que se resume en que o contrario ser contrario ao principio de eficiencia no gasto público.

**SEGUNDO.-** Proceder á modificación sustancial das condicións de traballo consistente en establecer unhas instrucións horarias, por motivos organizativos e de eficiencia no gasto público, así como prestación nas mellores condicións dos servizo municipais.

O persoal afectado pola modificación sustancial das condicións de traballo é o seguinte: todo o persoal laboral do Concello de Guitiriz .

**TERCEIRO.-** De conformidade cos motivos expostos no apartado anterior e de conformidade coas reunións mantidas ao efecto, a argumentación exposta pola Sr. Alcadesa na reunión da comisión negociadora 11/11/2024, as instrucións horarias quedan establecidas da seguinte maneira:

### **INSTRUCCIÓNS HORARIAS**

A xornada ordinaria virá determinada en cada servizo en función de:

- As tarefas a desempeñar polo persoal adscrito ó servizo.
- O horario do Centro de Traballo no que desempeñen as súas funcións.

Quedando establecido como segue:

– **No Punto de Atención á Infancia:**

A Xornada Ordinaria queda establecida no mesmo horario de apertura do Centro de Traballo que poderá variar cada ano en función da matrícula, de acordo có regulamentado, pero sempre dentro da franxa horaria comprendida entre as 8:00 e as 20:30 horas.

– **No Centro de Día:**

A Xornada Ordinaria queda establecida no mesmo horario de apertura do Centro de Traballo, que tamen pode variar en función dos usuarios con plaza no centro e do establecido legalmente, pero sempre dentro da franxa comprendida entre as 8:30 e as 19:30 horas.

– **Na biblioteca situada na Escola Habanera** o horario queda establecido como segue:

- De luns a Xoves xornada de mañá de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas. O venres solo se prestará en horario de mañá de 9:00 a 14:00 horas.

– **Nas oficinas do Concello situadas na Rúa do Concello, 4:**

A Xornada Ordinaria queda establecida entre as 8:00 e as 15:00 horas. O horario de obrigado cumprimento (exceptuando conciliación solicitado e concedido) queda establecido entre as 8:30 e as 14:30 horas. Existirá unha flexibilidade horaria entre as 7:30 e as 16:30 (art.8.3.4 ap. 3-b). Terá que existir obrigatoriamente unha pausa de mínimo 30 minutos non computables como traballadas, para saír máis alá das 16:30, có límite máximo de 10 horas traballadas nun mesmo día.

- A xornada ordinaria dos peóns de recollida de lixo, queda establecida de luns a sábado e festivos (quedan excluídos os domingos), cós descansos establecidos legalmente e as compensacións que poidan darse polo traballo en festivos.
- A xornada ordinaria do **persoal adscrito ó servizo de limpeza** de edificios adaptárase ós horarios no que os edificios están disponibles para poder desempeñar as funcións correspondentes ó servizo.
  - **No colexio Lagostelle**, en horario de tarde a partir das 14:30 horas.
  - **No edificio de oficinas do Concello:** en horario de tarde a partir das 15:00 horas.
  - **No Colexio de Parga a Conserxe Limpadora**, continuará có horario que ten establecido na actualidade.
  - **No Punto de Atención á Infancia**, en horario de tarde a partir da hora de peche.
  - **No Consultorio de Parga**, en horario de tarde, os días que se preste o servizo no mencionado consultorio, sempre a partir das 15 h.
  - **No resto de edificios** donde se leven a cabo actividades do Concello , o persoal de limpeza terá que facer o seu traballo en horario de mañá ou tarde en función do horario das actividades que se desenvolvan neles.
- A xornada ordinaria dos **peóns de brigada verde** desenvolverase en xornada de mañá e de tarde, indistintamente posto que os materiais, vehículos e maquinarias necesarias para o seu desempeño non son suficientes para que todos os traballadores leven a cabo o seu traballo en horario de mañá. Os turnos quedarán establecidos de 8:00 a 15:00 horas e de 14:30 a 21:30 horas.

- A xornada ordinaria dos **peóns de servizos múltiples**, será de turnos rotatorios de mañá e de tarde. As tarefas que teñen que desenvolver non teñen un horario predeterminado, polo que o servizo deberá quedar cuberto no maior número de horas posibles (avarías de auga, arranxo de incidencias que non poden esperar....) Os turnos quedarán establecidos de 8:00 a 15:00 horas e de 14:30 horas a 21:30 horas, de luns a domingo, así ven recollido nos seus contratos de traballo, respetando os descansos establecidos legalmente e as posibles compensacións polo exceso no cómputo de horas traballadas si así fose o caso.
- A xornada ordinaria das **traballadoras que prestan os seus servizos no Servizo de Axuda no Fogar**, desenvolverase de luns a domingo, en horario de mañá y/ou de tarde en función das necesidades do servizo, respetando tamen os descansos legalmente establecidos e compensando con descansos ou prestación económica as horas que supoñan un exceso do cómputo horario.

A pausa de 30 minutos que computa como tempo traballado comeza a contar dende que se abandona o posto de traballo ata que se volve ó mencionado posto.

O cómputo horario poderá ser mensual, de xeito que si nunha semana non se cumpre có horario poderá recuperarse dentro do mes natural, non podendo exceder da última semana completa do mes.

En espera dunha regulación en profundidade do Teletraballo, recollerase como Anexo a estas instrucións unha relación dos traballadores que agora mesmo disfrutan de teletraballo, xunto cós días nos que teletraballen. Calquera cambio ou variación, temporal deberá ser comunicada previamente por escrito, por mail ou por Whatsapp á [alcadia@concellodeguitiriz.com](mailto:alcadia@concellodeguitiriz.com). Si o cambio vai a ser permanente farase por escrito na sede electrónica do Concello.

Existe nesta Administración un control horario mediante unha aplicación, na que constan os datos das entradas e das saídas dos empregados públicos, así mesmo debe constar nesa aplicación os permisos solicitados polos traballadores, tanto os permisos por horas como por días, Nos que sexa preciso xustificante en papel, este debe conter claramente si se acude ó permiso como titular ou como acompañante, así como as horas de inicio e de fin do permiso que se está a disfrutar. Existen incidencias que responden a todos os permisos que se poidan disfrutar (ausencias autorizadas, consulta médica, días de libre disposición, Santa Rita.... Etc)

Cando a ausencia sexa fora da localidade, terase en conta como máximo 60 minutos por traxecto para desplazamentos a Lugo, 75 minutos para desplazamentos a Coruña e 90 minutos como máximo por traxecto para desplazamentos a Santiago. Os tempos dos desplazamentos están calculados como se indica para cada un dos traxectos, sempre e cando se desplace un dende o posto de traballo. Polo tanto si se vai desde o posto de traballo e se volve ó posto de traballo, contarase o tempo para ir e para volver cós máximos indicados anteriormente. Si para acudir á consulta médica ou ausencia autorizada non se acude previamente ó posto de traballo, o permiso comeza a contar dende a hora na que se xustifique que comeza o permiso ou ausencia autorizada. Si non se regresa ó posto de traballo, a ausencia autorizada finalizará á hora que figure no xustificante.

Todas as ausencias autorizadas que o requiran deberán ser xustificadas có xustificante correspondente.

Os xustificantes que non cumplan os requisitos establecidos nas presentes instrucións non serán válidos e terá que recuperarse o tempo da ausencia.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, con indicación dos recursos pertinentes. Publicar na sede electrónica municipal e no BOP de Lugo aos efectos oportunos

**QUINTO.-** Remitir esta resolución o departamento de persoal, a Tesourería e Intervención, aos efectos oportunos e dar conta o pleno, na próxima sesión que se celebre.

Guitiriz, 14 de Xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, Maria Sol Morandeira Morandeira.

R. 0180

---

## LÁNCARA

### Anuncio

Convocatoria do proceso selectivo de 1 Oficial de servizos múltiples correspondente á Oferta de Emprego Público de 2021.

No BOP de Lugo número 278, do 2 de decembro de 2024, modificación publicada no BOP de Lugo nº 11 de 15 de xaneiro de 2025, publícanse integramente as bases para prover, mediante oposición, a praza de persoal laboral fixo correspondentes á oferta de emprego público de 2021:

| GRUPO | SUBGRUPO | CLASIFICACIÓN | Núm. VACANTES | DENOMINACIÓN                  | SISTEMA DE ACCESO |
|-------|----------|---------------|---------------|-------------------------------|-------------------|
| C     | C2       | Laboral fixo  | 1             | Oficial de servizos múltiples | Promoción interna |

O prazo de presentación de instancias é de vinte (20) días hábiles contado desde o seguinte ao da publicación do extracto do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios desta entidade e na sede electrónica do concello <https://lancara.sedelectronica.gal>.

Láncara, 15 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0109

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

#### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO MUNICIPAL (utilización de outras dependencias deportivas municipais) do mes de **DECEMBRO** de 2024.

#### EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación da taxa polo servizo de ximnasio municipal (utilización de outras dependencias deportivas municipais) correspondente ao mes de **DECEMBRO** de 2024.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo de deportes do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 2 de Xaneiro de 2025.- A Alcadesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García.

R. 0110

### *Anuncio*

Advertidos erros na publicación do Anuncio do texto definitivo do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles (IBI ) publicado no BOP n.º 301 de data 31 de decembro de 2024 , se procede á publicación da corrección de erros ao amparo do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, indicando onde di:

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o día de novembro de 2024

Debe dicir:

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o día 13 de novembro de 2024

Lourenzá, 14 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa. Rocío López García.

R. 0111

## LUGO

### Anuncio

A Excm. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, con data do 14 de xaneiro de 2025, ditou o Decreto Nº 239/2025 polo que se resolveu:

“**Primeiro.**- O nomeamento de:

| DNI CIFRADO | APELIDOS E NOME               |
|-------------|-------------------------------|
| ***5498**   | LÓPEZ VÁZQUEZ, CHRISTOPHER    |
| ***8779**   | LÓPEZ GONZÁLEZ, CARLOS        |
| ***2064**   | LORIDO RODRÍGUEZ, MARIO       |
| ***9441**   | BABARRO GONZÁLEZ, DIEGO       |
| ***8142**   | PERNAS PARAPAR, CARLOS MANUEL |
| ***0532**   | SOUTO VIGO, JESÚS             |
| ***4651**   | RODRÍGUEZ LÓPEZ, ALEJANDRO    |

como funcionarios en prácticas do Excmo. Concello de Lugo nas prazas de Policía Local; Escala: Básica; Categoría: Policía; Grupo: C1; Nivel: 19, con efectos do día no que dea comezo o curso selectivo de formación que, para o efecto, desenvolva a Academia Galega de Seguridade Pública, previsto para o día 17 de xaneiro de 2025.

**Segundo.**- Os/as funcionarios/as en prácticas percibirán unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o corpo ou escala no que aspiren a ingresar. Non obstante, se as prácticas se realizan desempeñando un posto de traballo, o importe anterior se incrementará nas retribucións complementarias correspondentes ao dito posto.

**Terceiro.**- Notificarlle o nomeamento en prácticas ós/ás interesados/as, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á notificación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 15 de xaneiro de 2025.- Alcaldesa-Presidenta, Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.

R. 0112

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria 28.10.2024, aprobou provisionalmente o expediente de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2025.

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto

Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan elevados a definitivos o acordo de modificación, e procédese a súa publicación.

### 1.1) **ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO**

A. Modificar artigo 13 “Calendario Fiscal” - Períodos de cobro Tributos.

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

#### **ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL**

1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:

| TRIBUTO   | PERÍODO                     | DATAS DE PAGO |            |
|---|-----------------------------|---------------|------------|
|   |                             | DENDE         | ATA        |
| a. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica   | Anual                       | 11/04/2025    | 12/06/2025 |
| b. Imposto de Bens Inmóbles   | Anual                       | 05/08/2025    | 06/10/2025 |
| c. Imposto sobre Actividades Económicas   | Anual                       | 18/08/2025    | 20/10/2025 |
| d. Taxa pola recollida de lixo  | 6º bimestre 2024            | 26/02/2025    | 28/04/2025 |
|   | 1º bimestre 2025            | 28/04/2025    | 30/06/2025 |
|   | 2º bimestre 2025            | 26/06/2025    | 28/08/2025 |
|   | 3º bimestre 2025            | 26/08/2025    | 28/10/2025 |
|   | 4º bimestre 2025            | 27/10/2025    | 30/12/2025 |
|   | 5º bimestre 2025            | 26/12/2025    | 28/02/2026 |
| e. Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais  | 6º bimestre 2025            | 26/02/2026    | 28/04/2026 |
|   | 2ª fracción curso 2024/2025 | 07/03/2025    | 07/05/2025 |
| f. Prestación patrimonial de carácter no tributario polo abastecemento de auga e pola rede de sumidoiros e depuración | 1ª fracción curso 2025/2026 | 23/10/2025    | 23/12/2025 |
|   | 6º bimestre 2024            | 30/12/2024    | 03/03/2025 |
|   | 1º bimestre 2025            | 03/03/2025    | 05/05/2025 |
|   | 2º bimestre 2025            | 29/04/2025    | 01/07/2025 |
|   | 3º bimestre 2025            | 01/07/2025    | 02/09/2025 |
|   | 4º bimestre 2025            | 02/09/2025    | 04/11/2025 |
|   | 5º bimestre 2025            | 06/11/2025    | 07/01/2026 |
| 6º bimestre 2025  | 30/12/2025                  | 28/02/2026    |            |
| g. Resto de taxas   |                             | 20/09/2025    | 20/11/2025 |

2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.

3.- O Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia.

B. Modificar penúltimo parágrafo do artigo 14 “Domiciliacións”. Actualización da data de cargo dos recibos do Imposto sobre Bens Inmóbles fraccionados en dous períodos (60% e 40%)

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

#### **ARTIGO- 14 DOMICILIACIONES**

(...)

A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana, nos recibos de importe superior aos 100€, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 05.08.2025 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 5.12.2025 polo importe do restante 40% do recibo.



(...)

**1.2) ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DO TAXA POR RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO**

A. Modificación artigo 6 “Cota Tributaria”. Incremento 85% do IPC (1,5%)

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

A cota tributaria verá determinada en función da natureza, destino, e superficie do local de acordo co seguinte cadro de tarifas:

| DESCRICIÓN   | Importe<br>€ / bimestre |
|--|-------------------------|
| <b>Vivendas</b>  |                         |
| Zona Urbana  | 14,84                   |
| Zona Rural   | 7,43                    |
| <b>Actividades</b>   |                         |
| Locais sen actividade  | 14,84                   |
| Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares<br>No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677   |                         |
| Ata 20 m <sup>2</sup>  | 34,64                   |
| De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>  | 51,99                   |
| De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>   | 69,31                   |
| De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>   | 103,93                  |
| De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>  | 155,9                   |
| Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)   | 86,59                   |
| Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares<br>No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969  |                         |
| Ata 100 m <sup>2</sup>   | 53,46                   |
| De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>   | 76,64                   |
| De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>   | 127,73                  |
| De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>  | 178,83                  |
| Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)   | 102,18                  |
| Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares<br>No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662   |                         |
| Ata 20 m <sup>2</sup>  | 41,57                   |
| De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>  | 62,36                   |
| De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>   | 83,16                   |
| De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>   | 124,73                  |
| De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>  | 187,09                  |
| Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)   | 103,93                  |
| Hoteis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos<br>Turísticos, Hospitais e establecementos similares<br>No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951 |                         |
| Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería   |                         |
| Ata 100 m <sup>2</sup>   | 21,71                   |
| De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>   | 32,56                   |
| De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>   | 54,3                    |
| De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>  | 75,99                   |
| Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)   | 43,42                   |

|  |        |
|--|--------|
| Con servizo de restaurante, bar ou cafetería   |        |
| Ata 100 m <sup>2</sup>   | 23,89  |
| De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>   | 33,28  |
| De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>   | 55,45  |
| De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>  | 77,64  |
| Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)   | 41,35  |
| Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares<br>No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699<br>Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436  |        |
| Ata 20 m <sup>2</sup>  | 28,96  |
| De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>  | 43,42  |
| De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>   | 57,89  |
| De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>   | 86,87  |
| De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>  | 130,29 |
| Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)   | 72,39  |
| Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares<br>No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615, 616, - Epígrafes 6171, 6172, 6173, 6175, 6176, 6177, 6178, 6179<br>Grupos 618, 619, 621, 622, 623, 631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657, 659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76<br>División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942, 943, 944, 945, 952, 961, 962, 963, 964, 966, 967, 968, 971, 972, 973, 974, 975, 979, 981, 982, 983, 989, 991, 999 |        |
| Ata 20 m <sup>2</sup>  | 20,66  |
| De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>  | 30,98  |
| De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>   | 41,32  |
| De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>   | 61,99  |
| De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>  | 92,99  |
| Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)   | 51,65  |
| <b>Outras actividades non tarifadas expresamente</b>   |        |
| Ata 20 m <sup>2</sup>  | 20,66  |
| De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>  | 30,98  |
| De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>   | 41,32  |
| De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>   | 61,99  |
| De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>  | 92,99  |
| Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)   | 51,65  |
| Profesionais e artistas<br>Sección 2 <sup>a</sup> e 3 <sup>a</sup>   |        |
| Profesionais e artistas  | 18,58  |

A superficie dos locais de negocio, comprenderá a totalidade da superficie dos locais afectos á actividade: superficie total no censo de obrigados tributarios si se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos.

Noutro caso será a superficie obtida da licenza de apertura ou a superficie construída obtida do padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie

### **1.3) ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NO TRIBUTARIO POLA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN**

Modificación artigo 5 "Tarifas". Incremento IPC (1,5%)

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

#### **ARTIGO 4.- IMPORTE DA PRESTACIÓN. TARIFAS**

##### **TARIFA 1.- Depuración e sumidoiro**

Para aqueles abonados ó servizo de Abastecemento de auga, a tarifa a aplicar e a seguinte:

|  |                         |
|--|-------------------------|
| DOMÉSTICOS E COMERCIAL: Consumo Bloque Único | 0,1665 €/m <sup>3</sup> |
| INDUSTRIAL / OBRAS: Consumo Bloque Único     | 0,2498 €/m <sup>3</sup> |

A efectos da tarifa, consideraranse abonados domésticos, comerciais ou industriais, os así definidos na Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter no tributario de Auga e no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento.

No caso de que a través de un único contador se subministre auga a varias vivendas ou locais multiplicarase a cota polo número de vivendas ou locais abastecidos.

##### **TARIFA 2.- Depuración e sumidoiro**

Para aqueles abonados o servizo de saneamento, que non sexan abonados o servizo de abastecemento de auga e que vertan a rede pública de saneamento, sen contador de medida, a tarifa aplicar será:

|                                  |                   |
|----------------------------------|-------------------|
| ABONADOS DOMÉSTICOS E COMERCIAIS | 3,61 € / bimestre |
| ABONADOS INDUSTRIAIS             | 7,49 € / bimestre |

Consideraranse abonados domésticos e non domésticos, os que vertan augas residuais a rede pública de saneamento, segundo a clasificación do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento

Ás tarifas sinaladas engadiráselle o IVE o tipo que corresponda.

### **1.4) ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLO ABASTECIMENTO DE AUGA**

Modificación artigo 3 "Tarifas". Incremento IPC (1,5%)

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

#### **ARTIGO -3- IMPORTE DA PRESTACIÓN. TARIFAS**

A contía regulada nesta Ordenanza está fixado na tarifa seguinte:

##### **A. Usos domésticos**

|  |                             |
|--|-----------------------------|
| A.1.- Consumos entre 0 e 10 m <sup>3</sup> ó bimestre, mínimo tarifado | o m <sup>3</sup> a 0,2081 € |
| A.2.- Consumos entre 11 e 25 m <sup>3</sup> ó bimestre                 | o m <sup>3</sup> a 0,3330 € |
| A.3.- Consumos entre 26 e 50 m <sup>3</sup> ó bimestre                 | o m <sup>3</sup> a 0,5828 € |
| A.4.- Consumos de máis de 50 m <sup>3</sup> ó bimestre                 | o m <sup>3</sup> a 0,8326 € |

##### **B. Usos industriais**

|  |                             |
|--|-----------------------------|
| B.1.- Consumos entre 0 e 10 m <sup>3</sup> ó bimestre, mínimo tarifado | o m <sup>3</sup> a 0,1665 € |
| B.2.-Consumos entre 11 e 80 m <sup>3</sup> ó bimestre                  | o m <sup>3</sup> a 0,3746 € |
| B.3.- Consumo entre 81 e 150 m <sup>3</sup> ó bimestre                 | o m <sup>3</sup> a 0,9158 € |

B.4.- Consumos entre 151 e 300 m<sup>3</sup> ó bimestre o m<sup>3</sup> a 1,2490 €

B.5.- Consumos de máis de 300 m<sup>3</sup> ó bimestre o m<sup>3</sup> a 1,9567 €

### C. Usos especiais

Os consumos que efectúen os Centros de Ensinanza Oficial, Centros de Ensinanza Privada Concertados, Hospital Comarcal e industriais establecidas no Polígono do Reboredo, pagarán os metros cúbicos que consuman bimestralmente ó prezo de 0,4164 € / m<sup>3</sup>

### D. Cota Xeral

Todos os aboados pagarán, con independencia do consumo, a cantidade de: 2,06 € / bimestre

Os aboados que figuren no apartado H), tarifa especial, non aboarán cota xeral.

### E. Aboados sen contador ou con contador avariado

Para os aboados de usos domésticos, ó bimestre: 124,90 €

Para os aboados de usos industriais e especiais pagarán ó bimestre: 624,48 €

### F. Por entronques e acometidas á rede municipal

Por cada vivenda: 24,96 €

Por cada local de negocio: 33,30 €

### G. Altas no servizo

Por cada alta que se formalice, pagarase a cantidade de: 8,32€

Por depósito, para responder de impagados, soamente para aboados que non sexan propietarios da vivenda ou local de negocio: 49,96 €

### H. Tarifa especial

Contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para gozar desta exención o interesado deberá solicitala previamente, acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

A exención quedará sen efecto cando desaparezan as circunstancias persoais que a motivaron. Pagarán, nos usos domésticos, nos consumos entre 0 e 10 m<sup>3</sup>, ó bimestre, mínimo tarifado, o m<sup>3</sup> a 0,0499 €. Considérase consumo mínimo a cota xeral para todos os aboados e consumo entre 0 e 10 metros cúbicos.

As facturacións bimestrais nos usos domésticos, industriais e tarifa especial efectuaranse aplicando ó consumo de cada tramo o importe do metro cúbico consignado para o mesmo.

## 1.5) ORDENANZA FISCAL 1.4.REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Modificación do Artigo 4.3, *Quedando redactado do seguinte xeito:*

“3. Xunto coa petición de exención regulada no parágrafos e) do apartado 1 do ARTIGO 93 do R. D- lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo os interesados deberán achegar a seguinte documentación :

- Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente acreditando unha discapacidade legal igual ou superior ao 33 %, dacordo co sinalado no Real Decreto 888/2022, de 18 de outubro, polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e calificación do grao de discapacidade.

- Permiso de condución (anverso e reverso)da persoa con discapacidade ou do condutor habitual - Permiso de circulación a nome da persoa con discapacidade

- Póliza do seguro do vehículo na que figure o condutor habitual do mesmo

- Ficha técnica do vehículo

- Declaración ou manifestación do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención

- Fotocopia do DNI da persoa con discapacidade e do condutor habitual do vehículo.

Para a xustificación do destino do vehículo para o uso da persoa con discapacidade deberán cumprirse os seguintes requisitos:

A) No caso da condución do vehículo pola persoa con discapacidade:

- Na póliza do seguro deberá constar como único condutor o propietario do vehículo

- Declaración ou manifestación de uso exclusivo debidamente asinada

B) No caso da condución do vehículo por terceiras persoas para o transporte da persoa con discapacidade

- Na póliza do seguro deberá constar como condutor unha persoa distinta ao propietario do vehículo

- Declaración ou manifestación de uso exclusivo debidamente asinada”

### **1.6) ORDENANZA FISCAL 3.9. REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVA DE ESPACIO NA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTOS EXCLUSIVOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE SUSTITUTO SUXEITO PASIVO**

Modificación do Artigo 5 apartado 2, *Quedando redactado do seguinte xeito:*

“Nas beirarrúas de máis de catro metros lineais as cotas tributarias serán o resultado de aplicar un recargo do 50% ás tarifas descritas no apartado 1) na parte proporcional ó exceso.

PLACAS: Coste de adquisición para o Concello”

### **1.7) ORDENANZA FISCAL 1.2. REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

Modificación do Artigo 2 apartado 4, *Quedando redactado do seguinte xeito:*

“4. A Administración emitirá os recibos e as liquidacións tributarias a nome do titular do dereito constitutivo do feito imponible.

Se, como consecuencia da información facilitada pola Dirección Xeral do Catastro, se coñecese máis dun titular, esta circunstancia non implicará a división da cota.

Non obstante, cando un ben inmovible ou dereito sobre este pertenza a dous ou máis titulares poderase solicitar a división da cota tributaria, sendo indispensable achegar os datos persoais e os domicilios do resto dos obrigados ao pagamento, así como os documentos públicos acreditativos da proporción en que cada un participa no dominio ou dereito sobre o inmovible.

Non se poderá dividir a cota naqueles supostos que, como consecuencia da devandita división resulten cotas líquidas de importe inferior aos mínimos establecidos no artigo 4 desta ordenanza.

Se algunha das cotas resulta impagadas esixírase o pagamento da débeda a calquera dos responsables solidarios. En ningún caso se pode solicitar a división da cota do tributo nos supostos do réxime económico matrimonial de sociedade legal de ganancias . Unha vez aceptada pola Administración a solicitude de división, os datos incorporaranse ao padrón do exercicio en que se acorde a división, sempre e cando a liquidación non adquirise firmeza, no caso contrario incorporaranse no padrón do imposto do exercicio inmediatamente posterior e manteranse nos sucesivos mentres non se solicite a modificación.

Para os bens inmoibles de natureza rústica agrúpanse todas as cotas correspondentes a un mesmo suxeito pasivo nun único documento de cobro.”

Contra este acordo, de aprobación definitiva das modificacións das ordenanzas fiscais para o exercicio 2025 poderase interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monforte de Lemos, 15 de enero de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0113

---

## **NAVIA DE SUARNA**

### *Anuncio*

Visto que rematou, con data 19 de decembro de 2024, o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso de selección convocado por este Concello para cubrir **un posto de condutor maquinaria**, como persoal laboral fixo, incluído na OEP 2023 do Concello de Navia de Suarna.

Óbixecto de dar cumprimentoco estipulado nas bases reguladoras deste proceso e no exercicio das competencias que me confire a vixentelexislación sobre réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista **provisional** de persoas admitidas e excluídas ó proceso selectivo convocado para a provisión da citada praza. No caso de non presentarse reclamacións quedará elevada a **definitiva**.

**LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS:**

| Nº | Nome e Apelidos            | DNI       | Rexistro de entrada            |
|----|----------------------------|-----------|--------------------------------|
| 1  | MANUEL LÓPEZ LÓPEZ         | ***5359** | 2024-E-RC-987 e 2024-E-RC-995  |
| 2  | OMAR DÍAZ FERNÁNDEZ        | ***8395** | 2024-E-RC-947 e 2024-E-RC-1017 |
| 3  | JUAN MANUEL DÍAZ FERNÁNDEZ | ***4548** | 2024-E-RC-1018                 |

**LISTA DE PERSOAS EXCLUIDAS:**

**Ningunha.**

**SEGUNDO:** Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>).

Navia de Suarna, 14 de xaneiro de 2025.- O alcalde, José Fernández Fernández.

R: 0114

**OUTEIRO DE REI***Anuncio*

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

De conformidade có disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, do Poder Xudicial, corresponde ao Pleno dos Concellos a elección do Xuiz de Paz.

O nomeamento do Xuiz de Paz terá una vixencia de catro anos.

En tanto o período de vixencia do nomeamento realizado anteriormente remata en novembro de 2024, procede iniciar novamente o procedemento tendente á selección de Xuiz de Paz Sustituto.

A tal fin, ábrese o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no BOP de Lugo durante os cales calquer persoa interesada poderá presentar perante o Rexistro Xeral do Concello a súa candidatura ao posto de Xuiz de Paz acompañada dun currículum vitae expresivo da súa traxectoria profesional e académica.

Os candidatos deberán ter a nacionalidade española, seren maiores de idade, non acadar a idade legal e xubilación forzosa e non atoparse incursos nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que establece a Lei.

A proposta de elección realizarase polo Alcalde e estará xustificada nos méritos académicos e profesionais alegados, e será elevada ao Pleno da Corporación para a súa aprobación por maioría absoluta.

Outeiro de Rei, 30 de setembro de 2024.-O alcalde, José Pardo Lombao.

**ANEXO II  
MODLEO DE SOLICITUDE**

CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

REXISTRO:

**ANEXO I**

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR**

|                     |                            |
|---------------------|----------------------------|
| <b>Denominación</b> | <b>XUÍZ DE PAZ TITULAR</b> |
|---------------------|----------------------------|

**Datos persoais**

|                  |                 |               |               |
|------------------|-----------------|---------------|---------------|
| Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome          |               |
| Data nacemento   | D.N.I.          | Nacionalidade | Teléfono/s    |
| Domicilio        |                 | Municipio     | Código postal |

- **Declaro responsablemente non haber sido separado**, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, **nin atoparme inhabilitado** para o exercicio das funcións xudiciais por sentenza firme.

- **Declaro responsablemente non estar incurso en causas de incompatibilidade** de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

**Solicito**

Ser admitido no proceso de selección de Xuíz de paz titular do Concello de Outeiro de Rei  
Presento a seguinte documentación para ser admitido e para valoración (no seu caso) no concurso de méritos:

1. Copia DNI.
2. Méritos que alego:

.....

.....

.....

.....

.....

En Outeiro de Rei, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura do interesado

Sr. Alcalde do Concello de Outeiro de Rei

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2025 (18/01/2025 08:00:00)

R. 0115

---

**O SAVIÑO***Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL**

Por Resolución de Alcaldía num. 2025/0002, de data 14 de xaneiro de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviño correspondentes ao mes de decembro de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviño, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviño, 14 de xaneiro 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0116

---

*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución de Alcaldía num. 2025/0004, de data 14 de xaneiro de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondentes ao mes de novembro de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias de Servizos Sociais do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, art. 22 da ordenanza reguladora municipal do SAF e art. 5 da ordenanza do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviño, 15 xaneiro 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0117



## O VALADOURO

## Anuncio

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: APROBACIÓN PROCESO SELECTIVO. 1 OPERARIO/A DE MANTEMENTO DE VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS (ARTIGO 2 DA LEI 20/2021)**

DON JOSÉ MANUEL LAMELA PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade coas “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira no Concello de O Valadouro incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de O Valadouro para o ano 2022, artigo 2 da Lei 20/2021, sistema de concurso-oposición, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo núm. 289 de 20 de decembro de 2022, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello de O Valadouro para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 118, do 25 de maio de 2022 (corrección de erros publicada no BOP de Lugo núm. 127, de 4 de xuño de 2022).

Rematado o procedemento de selección por concurso-oposición, o día 13 de decembro de 2024, publicouse na sede electrónica do Concello de O Valadouro e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido no punto 14 das bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal e interesadas, que acreditan os requisitos esixidos na convocatoria. E o punto 15 establece que a toma de posesión das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Visto que a persoa candidata proposta e interesada, de conformidade coas bases, achegou a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Nomear como funcionario de carreira do Concello de O Valadouro, para unha **praza de OPERARIO/A DE MANTEMENTO DE VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS**, a xornada completa, incluída na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello de O Valadouro para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 118, do 25 de maio de 2022 (corrección de erros publicada no BOP de Lugo núm. 127, de 4 de xuño de 2022) , co seguinte aspirante:

| APELIDOS E NOME     | DNI       |
|---------------------|-----------|
| COPA MASEDA, MARCOS | ****7118* |

**Segundo.-** Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello de O Valadouro: <https://valadouro.sedelectronica.es/info.1> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

O Valadouro, 14 de xaneiro de 2025.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 0118

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS**

## Anuncio

**BASES REGULADORAS PARA LA CONCESIÓN DE AYUDAS ECONÓMICAS PARA MEJORAR LA EFICIENCIA ENERGÉTICA EN LOS HOGARES DE PERSONAS EN SITUACIÓN DE RIESGO Y/O EXCLUSIÓN SOCIAL DURANTE EL AÑO 2025**

BDNS (Identif.): 808890

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/808890>)

Primero. Beneficiarios.

Podrán solicitar estas ayudas las personas residentes en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos que los servicios sociales valoren que se encuentran en situación o riesgo de exclusión social que cumplan los requisitos de acceso establecidos en el punto 5º y las condiciones reguladas en las bases.

Segundo. Objeto.

Prestaciones económicas no periódicas destinadas a paliar situaciones transitorias de necesidad social relacionadas con el pago de suministros básicos de energía eléctrica, gas, gasoil de calefacción y otras fuentes de energía de la vivienda, de las personas y/o familias que se encuentren en una situación de vulnerabilidad social que tengan su residencia en el ámbito municipal de Monforte de Lemos con la finalidad de asegurar el acceso continuado a estos suministros básicos promoviendo la mejora de la eficiencia energética y reforzando los procesos de inclusión social.

Tercero. Bases reguladoras

Podrán consultarse las bases de la presente convocatoria en la siguiente dirección: [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) en la sección de AYUDAS. Las solicitudes de ayuda se cubrirán a través del formulario normalizado accesible desde la sede electrónica del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, <https://sede.monfortedelemos.es> y se presentarán preferiblemente por vía electrónica.

Cuatro. Cuantía.

Para la financiación de esta ayudas se destina un crédito de 25.000,00 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes.

El plazo se abre a partir del día siguiente a la publicación de este extracto de la convocatoria en el BOP de Lugo y estará abierto hasta el 19 de diciembre de 2025

Monforte de Lemos, 14 de enero de 2025.- El alcalde, José Tomé Roca.

R. 0105